

TÍTULO PRELIMINAR

1.- A Universidade de Vigo é competente para elaborar e aproba-los planos de estudio das titulacións que se dispensen nos seus centros. Os Estatutos da Universidade de Vigo destacan entre os seus fins prioritarios proporcionar ensinanzas adecuadas para a formación do estudantado, preparación para o exercicio de actividades profesionais ou artísticas e para a obtención, se é o caso, dos títulos académicos correspondentes.

2.- Os planos de estudio, conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial, elaborados e dispensados pola Universidade de Vigo, axustaranse ás directrices xerais comúns que establecen os Reales Decretos 1497/1987 de 27 de novembro, 1267/1994 de 10 de xuño, 2347 / 1996 de 8 de novembro, 614 / 1997 de 25 de abril e R.D. 779 / 1998, de 30 de abril, ás correspondentes directrices xerais propias do título de que se trate e esta normativa, que se establece como directriz xeral propia da Universidade de Vigo.

1. ESTRUCTURA XERAL DOS PLANOS DE ESTUDIO

1.1.- DURACIÓN E ORDENACIÓN CÍCLICA DAS ENSINANZAS.

As ensinanzas universitarias conducentes á obtención dos títulos oficiais de Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico/a ou Enxeñeiro/a Técnico/a; e de Licenciado/a, Arquitecto/a ou Enxeñeiro/a estruturaranse enciclos. Así:

1.- As **titulacións de só Primeiro Ciclo terán unha duración de tres anos académicos**, distribuídos en **seis cuadrimestres**, cando sexa o caso, e orientarán as súas ensinanzas cara á preparación para o exercicio de actividades profesionais. A súa superación dará dereito a obtención do título oficial de Diplomada/o, Arquitecta/o Técnica/o ou Enxeñeira/o Técnica/o.

2.- As **titulacións de Primeiro e Segundo Ciclo** (1º e 2º ciclo) dispensaranse nas Facultades e Escolas Técnicas Superiores, tendo o **Primeiro Ciclo unha duración de dous ou tres anos académicos**, distribuídos en **catro ou seis cuadrimestres** cando sexa o caso, e orientando as súas ensinanzas para a formación xeral e básica, e para a preparación para a especialización ou orientación. **O Segundo Ciclo terá unha duración de dous anos académicos**, distribuídos en **catro cuadrimestres** cando sexa o caso, e

estar á adicado á profundización e especialización así como á preparación para o exercicio de actividades profesionais. A superación do segundo ciclo dará dereito á obtención do título oficial de Licenciada/o, de Arquitecta/o ou de Enxeñeira/o.

3.- As **titulacións de só Segundo Ciclo** dispensaranse nas Facultades e Escolas Técnicas Superiores, **terán unha duración de dous anos académicos**, distribuídos en **catro cuadrimestres** cando sexa o caso, e estarán adicadas á profundización e especialización así como á preparación para o exercicio de actividades profesionais. A superación do segundo ciclo dará dereito á obtención do título oficial de Licenciada/o ou de Enxeñeira/o.

1.2.- CARGA LECTIVA GLOBAL.

Á hora de plantexa-las propostas dos planos de estudos ou a súa adaptación ás últimas disposicións sobre os mesmos, teranse en conta as seguintes consideracións relativas á carga lectiva total dos mesmos:

1. No número total de créditos que debe cursa-lo/a alumno/a para a obtención dun título contabilizaranse tódolos requisitos necesarios (incluíndo a proba final ou proxecto fin de carreira se existen) para a expedición do título. O número de créditos de cada actividade debe estar en correspondencia coa importancia que se lle desexa dar na formación da/o alumna/o.
2. Naquelas titulacións suxeitas a directrices comunitarias, non se establecen directrices adicionais, senón que bastará co disposto por aquelas.
3. No resto das titulacións **recoméndase que o número total de créditos para cada titulación sexa o mínimo establecido nas directrices xerais propias de cada titulación**. En todo caso, **non se permitirá un incremento da devandita carga total de créditos que supere ó promedio¹ do número total de créditos dos planos de estudio homologados con posterioridade ó R.D. 1497/87 da titulación correspondente nas Universidades públicas españolas**.

¹ O devandito promedio calcularase unha vez eliminados, segundo a titulación da que se trate, os planos de estudos homologados con maior e menor carga lectiva global.

1.3.- ORIENTACIÓN E/OU ITINERARIOS.

1. Para aquelas titulacións da Universidade de Vigo que prevexan orientacións e/ou itinerarios no seu plano de estudos, na elaboración dos mesmos deben garda-las seguintes proporcións:
 - **Na elaboración dos planos de estudio** das titulacións de **só Primeiro Ciclo** e/ou **só Segundo Ciclo**, permitirase ata **un máximo de 4 orientacións e/ou itinerarios.**
 - **Na elaboración dos planos de estudio** das titulacións de **Primeiro e Segundo Ciclo**, permitirase ata **un máximo de 6 orientacións e/ou itinerarios.**
2. Cada **orientación e/ou itinerario deberá cubrir, como mínimo, o 70% da carga de créditos optativos** previstos no plano de estudos, no correspondente ciclo. Dentro de cada orientación a oferta de materias debe coincidir coa totalidade dos créditos indicados para a orientación.

2.- CARACTERÍSTICAS E ORGANIZACIÓN DAS MATERIAS/DISCIPLINAS

2.1.- NÚMERO DE MATERIAS/DISCIPLINAS POR CURSO ACADÉMICO.

Os planos de estudio deben permitir unha organización de xeito que calquera alumna/o poida cursa-la titulación no tempo previsto, o que implica a necesidade dunha **estructura** dos planos de estudio **co menor número posible de materias por ano académico.**

Ó abeiro do indicado no Real Decreto 779/98, (30 de abril de 1998), **en ningún caso se poderán cursar simultaneamente máis de 6 materias por cuadrimestre.** Deste cómputo quedan **excluídas-as disciplinas ou actividades académicas que sexan obxeto de libre elección por parte do alumnado.**

2.2.- NÚMERO DE CRÉDITOS POR MATERIA / DISCIPLINA.

Según o disposto no R. D. 614/97, de 25 de abril de 1997, **tódalas materias ou disciplinas terán un número de créditos igual ou superior a 4,5 créditos, (múltiplos de 1,5 sempre que sexa posible).** De xeito xeral:

- a) As **materias ou disciplinas cuadrimestrais non poderán ter unha carga lectiva inferior a 4,5 créditos.**
- b) As **materias ou disciplinas anuais non poderán ter unha carga lectiva inferior a 9 créditos.**

2.3.- CRÉDITOS TEÓRICOS, PRÁCTICOS DE CADA MATERIA / DISCIPLINA.

1. **As propostas de planos de estudio** elaboradas polas distintas xuntas de titulación da Universidade de Vigo **especificarán**, dentro das previsións das directrices xerais comúns e propias do título do que se trate e **separadamente para tódalas materias** que os integren, **os créditos correspondentes ás ensinanzas teóricas, ás ensinanzas prácticas e ás equivalencias que**, no seu caso, **se establezan**, así coma os determinados para estas dúas últimas e que teñan atribuídas correspondencias distintas ás das dez horas establecidas no inciso primeiro do párrafo primeiro do artigo 2º,7, do R.D. 1497/87, modificado polo R.D. 779/98. Na medida do posible, **o número de créditos especificado para cada unha das ensinanzas será múltiplo de 1,5.**

2.4.- MATERIAS TRONCAIS.

Son aquelas materias de obrigatoria inclusión en tódolos planos de estudio que conduzan a un mesmo título oficial e que as Universidades, ó establece-los correspondentes planos de estudio, poderán organizar en disciplinas ("*asignaturas*") concretas.

1. O abeiro do establecido no Art.º 7.3.a, do R.D. 1497/87, según modificación do R.D. 779/98, **a carga lectiva en créditos fixada polas directrices xerais propias para o conxunto das materias troncais será, como mínimo, do**

30% da carga lectiva total do plano de estudos, si se trata do Primeiro Ciclo, e do 25% si se trata de Segundo Ciclo.

En tanto non se modifiquen as directrices xerais propias que correspondan, **as porcentaxes** ás que se refire o párrafo anterior **poderán ser incrementadas por ciclo e por materia troncal**, en especial para dar cumprimento ó previsto no Art.º 7.3 a, do R.D. 1497/1987, según modificación do R.D. 779/98.

2. Cando unha **materia troncal se subdivide en disciplinas, os descritores correspondentes ás subdivisións deberán reproducir exactamente os descritores establecidos para a materia troncal** polas directrices xerais propias. Asímesmo, **en todas e cada unha das disciplinas nas que se desdobre unha materia troncal manterase a vinculación a tódalas áreas de coñecemento ás que se vincula a troncal** nas directrices xerais propias. (Art.º 7.3.c. do R.D. 1497/1987, según modificación do R.D. 1267/94).
3. **En xeral**, nas propostas de planos de estudio **respectarase a troncalidade establecida polas Directrices Xerais Propias** de cada titulación. Aínda así, e sempre que sexa necesario, recoméndase:
 - a) **Amplia-lo número de créditos das materias troncais** o mínimo necesario co fin de poder realizar unha programación en materias co número mínimo de **4,5 créditos** establecido no punto 2.2. da presente normativa.
 - b) Estudia-la posibilidade de **xunta-los contidos de dúas ou máis materias troncais con menor número de créditos nunha única** para poder levar a cabo unha correcta programación en materias e favorecer ó mesmo tempo a máxima anualización do primeiro ciclo. Cando a adicionalidade de créditos troncais exceda das porcentaxes sinaladas no R.D. 779/1998 que modifica o R.D. 1497/87 de Directrices Xerais Comúns, xustificarse a súa conveniencia.
 - c) Recoméndase efectuar unha lectura das Directrices Xerais Propias que tenda ó **establecemento do maior tronco común entre estudos afíns**. As **materias troncais** con denominación e descritores **coincidentes** para varias **especialidades** ou **titulacións**,

estructuraranse de forma idéntica nas distintas titulacións ou especialidades.

- d) Os **diferentes planos** de estudio que conducen á **mesma titulación** dentro da Universidade de Vigo terán unha **distribución idéntica da troncalidade**.

2.5.- MATERIAS OBRIGATORIAS.

Son aquelas materias que libremente establecidas por cada Universidade, incluíranse no correspondente plano de estudos como obrigatorias para o alumno ou alumna.

As materias obrigatorias poden ser de moita utilidade para **favorece-la transversalidade entre planos de estudio**. Co este fin:

1. As **materias obrigatorias con denominación coincidente** para varias **titulacións** ou **especialidades**, dispensadas **nun mesmo centro**, **estructuraranse do mesmo xeito** nas distintas titulacións e/ou especialidades.
2. Os **diferentes planos de estudio** que conducen a unha **mesma titulación** dentro da Universidade de Vigo terán unha **distribución idéntica da obrigatoriedade**.

2.6.- MATERIAS OPTATIVAS.

Son aquelas materias libremente establecidas por cada Universidade, que as incluírá no correspondente plano de estudos para que o alumno ou alumna escolla entre as mesmas.

Na oferta de materias optativas, e na medida en que os recursos dispoñibles da Universidade así o permitan, débese permitir a maior flexibilidade posible, respectando a liberdade de opción do alumno ou alumna.

1. Malia a que case tódalas Universidades coinciden en sinala-la necesidade de rebaixa-las porcentaxes de optatividade dos actuais planos de estudio xa reformados entre o 10% e o 15% da súa carga lectiva total, nos planos de estudos propostos para a súa aprobación pola Universidade de Vigo e posterior homologación **a porcentaxe máxima de créditos optativos será**

do 20% da carga lectiva total do plano de estudos, **agás para aquelas titulacións de só 1º Ciclo que proceden de Especialidades de Titulacións anteriores**, (por exemplo, Mestre: Especialidade en...; Enxeñeiro Técnico : Especialidade en..., etc.), **para as que a porcentaxe máxima de créditos optativos será do 15%.**

2. Tal e como se indica no R.D. 1267/94, **cada materia optativa deberá ter unha carga lectiva en créditos suficiente**, (nunca inferior a 4,5 créditos), **para garanti-la impartición de contidos relevantes, sen repetir os xa incluídos nas materias troncais ou obrigatorias.** Na medida do posible, tódalas **materias optativas** dun plano de estudos terán o **mesmo número de créditos.** Recoméndase que en xeral as **materias** ou **disciplinas optativas** sexan **de 6 créditos.**
3. Dado que tódalas titulacións terán que facer unha **oferta específica mínima de créditos optativos xerais nunha proporción de 2 : 1** respecto dos créditos optativos indicados no plano de estudos, **recoméndase que na elaboración dos planos de estudio as correspondentes Xuntas de Titulación prevexan unha lista de materias optativas xerais ampla que possibilite**, se fose o caso, levar a cabo posibles variacións na oferta das devanditas materias. En todo caso, **parece razoable que** na confección da devandita lista de materias optativas xerais **nunca se supere a proporción de 6 : 1** respecto dos créditos optativos xerais que o alumnos ou alumna deba cursar.
4. **En ningún caso se poderán cursar materias / disciplinas optativas durante o primeiro curso académico das titulacións de só Primeiro Ciclo e de Primeiro e Segundo Ciclo.**
5. Procurarase **programa-las materias / disciplinas optativas de xeito que se favoreza a máxima opcionalidade** por parte das/os estudantes.
6. A optatividade poderá reflectirse das seguintes formas:
 - **Optativas xerais:** materias ou disciplinas soltas de contido xeral asignadas por ciclos ou materias agrupadas por bloques co conxunto

vinculante na súa totalidade. Naqueles planos de estudio que prevexan orientacións e/ou itinerarios, segundo o indicado no punto 1.3 desta normativa, o número de créditos optativos xerais deberá cubrir como máximo o 30% da carga dos créditos optativas totais previstos no plano de estudos.

- **Optativas de orientación:** materias ou disciplinas agrupadas por bloques compactos, relativamente homoxéneos, cun conxunto vinculante na súa totalidade e que unha ou varias delas constitúan unha especialidade, orientación ou itinerario. Estas materias poden ofertarse separadas ou separarse posteriormente, en disciplinas, en cada curso académico. Segundo o indicado no punto 1.3 desta normativa, o número de créditos correspondentes a cada orientación e/ou itinerario deberán cubrir -como mínimo- o 70 % da carga de créditos optativas totais previstos no plano de estudos.

2.7.- MATERIAS DE LIBRE ELECCIÓN.

Polo que fai referencia á **libre elección**, é unha opinión xeralizada que se fai **necesario afondar nos seus aspectos positivos** e que se debería avanzar moito máis na definición e ordenación destas materias co fin de que lle ofrezan ás/ós estudantes unha verdadeira **formación complementaria** e **interdisciplinar**, contribúan a unha máis libre configuración dos itinerarios curriculares, académicos ou profesionalizadores e lles **permitan máis mobilidade entre títulos a través das pasarelas**.

1. **Nas propostas** de planos de estudio **non deben figurar as materias de libre elección**, (Art. 7.º.1. 2º. c, do R.D. 1479/87, modificado polo R.D. 1267/94), posto que, pola súa propia natureza, ditas materias as fixa libremente o alumno ou alumna entre a oferta xeral que ó respecto faga anualmente a Universidade, segundo a normativa que a tal efecto se aprobe
2. **O número de créditos de libre elección** a fixar en cada plano de estudos **non pode ser inferior ó 10% da carga lectiva total** que dá dereito á obtención do título (Art.º 7. 2. b, do R.D. 1479/87, modificado polo R.D. 1267/94). Estes créditos **asignaranse por ciclos**.

3. **Tódolos planos de estudio preverán a posibilidade de conceder créditos de libre elección como recoñecemento por outras actividades.**
4. **En ningún caso se poderá cursar materias de libre elección durante o primeiro curso académico** das titulacións de só Primeiro Ciclo e de Primeiro e Segundo Ciclo.
5. **Non poderán ser obxecto de libre elección aquelas materias ou actividades académicas de contido idéntico ou moi similar ó das materias propias xa cursadas** da titulación correspondente, nin aquelas outras **materias** que poidan estar **suxeitas a prerequisites ou incompatibilidades** (Art. 7.º.1. 2º. c, do R.D. 1479/87, modificado polo R.D. 1267/1994).

2.8.- PRACTICUMS, TRABALLOS E PROXECTOS FIN DE CARREIRA.

1. Os **Practicums, os Traballos ou Proxectos de fin de carreira articularanse como unha materia.**
2. Sempre que razóns académicas non aconsellen outra cousa, os **practicums, proxectos e traballos de fin de carreira, serán programados no último cuadrimestre** dos estudos.

2.9.- MATERIAS / DISCIPLINAS ANUAIS.

Os planos de estudio pororán unha **programación das materias ou disciplinas que favoreza o máis posible a anualización dos primeiros cursos.** En todo caso, recomendase **que sexan anuais tódalas materias do 1º cuadrimestre de Primeiro das titulacións de 1º e 2º ciclo e de só 1º ciclo.**

2.10.- MATERIAS / DISCIPLINAS CHAVE.

Na ordenación temporal das materias ou disciplinas daqueles planos de estudio nos que se contemplen **materias / disciplinas chave (prerequisites) terá que mediar alomenos un cuadrimestre entre a materia / disciplina que constitúa prerequisite e**

as afectadas polo mesmo. En todo caso, o **prerrequisito** será “o ter cursada” a materias chave.

2.11.- CRÉDITOS POR EQUIVALENCIA.

1. Tódolos planos de estudio preverán a **posibilidade de outorgar un máximo do 10% da carga lectiva global, como créditos por equivalencia** (troncais, obrigatorios, optativos ou de libre elección) **por estudos cursados noutras universidades españolas ou estranxeiras** coas que a Universidade de Vigo teña establecido o oportuno convenio sen prexuízo dos programas de intercambio da U.E.. A Universidade poderá recoñecer como créditos de libre elección “outras actividades” realizadas noutras universidades ó abeiro do oportuno convenio.
2. Tódolos planos de estudio preverán a **posibilidade do recoñecemento dun máximo do 10% da carga lectiva global como créditos por equivalencia, (optativos xerais e/ou de libre elección), pola realización de prácticas** en empresas, institucións públicas ou privadas, etc..
3. Tódolos planos de estudio preverán a **posibilidade do recoñecemento dun máximo do 10% da carga lectiva global como créditos por equivalencia, créditos de libre elección, pola realización doutras actividades** (traballos dirixidos, cursos, etc..).
4. Como **máximo**, poderá recoñecérselle a cada alumno/a como **créditos por equivalencia** pola suma de tódolos apartados anteriores, **un 15% da carga lectiva total**.

3.- DAS XUNTAS DE TITULACIÓNS

3.1.- Segundo o establecido no Art.º 86 dos Estatutos da Universidade de Vigo, se un centro dispensa máis dunha titulación, **a elaboración, aprobación e modificación do plano de estudos correspondente a cada titulación será responsabilidade dunha Xunta de Titulacións** con composición análoga, en proporcións á Xunta de Centro. Así

mesmo, a Xunta de Titulacións terá tódalas competencias que lle atribúa o Regulamento de Réxime Interno do Centro.

3.2.- As Xuntas de Titulacións, de **titulacións que se están dispensando** en Centros da Universidade de Vigo, estarán compostas por:

- a) A Decana ou Decano / Director ou Directora do centro, que a preside.
- b) O Secretario ou Secretaria do Centro e, de se-lo caso, a Vicedecana ou Vicedecano / Subdirector/a responsable da titulación.
- c) Tódolos profesores, axudantes e bolseiros, (estes últimos deben figurar no P.O.D. correspondente á titulación), pertencentes á Xunta de Centro, que dispensen docencia na titulación, (sexa cal sexa a súa adicación), que constituirán ó 60% da composición do total da Xunta de Titulacións.

Aqueles profesores e/ou axudantes pertencentes á Xunta de Centro que dispensen docencia en máis dunha titulación dese centro, serán membros da Xunta de Titulacións na que teñen máis horas de docencia, tendo que optar por unha delas aqueles que teñan a mesma carga docente en varias titulacións.

- d) Unha representación de estudantes da titulación igual o 30% da composición total da Xunta de Titulacións. Unha sexta parte da devandita representación estará formada por estudantes de terceiro ciclo, se os houberse, os cales serán asignados á correspondente Xunta de Titulacións de acordo co Regulamento de Réxime Interno do Centro.
- e) Unha representación do persoal de administración e servicios adscritos ó Centro igual ó 10% da composición total da Xunta de Titulacións.

3.3.- As Xuntas de Titulacións correspondentes a **titulacións a dispensar por primeira vez en centros xa existentes** na Universidade de Vigo ou a **titulación procedentes daquelas que xa se están dispensando** en centros da mesma, estarán compostas por:

- a) O Decano ou Decana / Director ou Directora do centro, que a preside, e o Secretario ou Secretaria
- b) Dous profesionais de recoñecido prestixio nomeados pola Xunta de Goberno, por proposta do Rector.
- c) Unha representación de profesores, axudantes e bolseiros distribuídos da seguinte forma:

- c1) 3 representantes por cada área de coñecemento con carga lectiva troncal igual ou superior ó 25% da total.
- c2) 2 representantes por cada área de coñecemento con carga lectiva troncal igual ou superior ó 15% e inferior ó 25% da total.
- c3) 1 representante por cada área de coñecemento con carga lectiva troncal igual ou superior ó 5% e inferior ó 15% da total.
- c4) 1 representante por cada conxunto de áreas de coñecemento, que non alcanzasen ningún representante polos procedementos anteriores, dos que a suma de cargas lectivas troncais sexa igual ou superior 10% da total. Estes representantes serán elixidos por e entre as áreas de coñecemento que comparten a porcentaxe anterior.

Os representantes correspondentes ó sector de P.D.I. serán elixidos nos respectivos Consellos de Departamento entre os profesores e profesoras, axudantes/as e bolseiros/as das áreas respectivas e por proposta das mesmas, preferentemente entre os/as pertencentes ó centro do que se trate, se os houbese.

- d) Unha representación de estudantes, que formen parte da Xunta de Centro, igual a 1/2 da composición do sector P.D.I. Unha sexta parte da devandita representación estará formada por estudantes de terceiro ciclo, se os houbese, os cales serán asignados á correspondente Xunta de Titulacións de acordo co Regulamento de Réxime Interno do Centro.
- e) Unha representación do persoal de administración e servicios adscritos ó Centro, igual ó 1/3 da composición do sector do estudiantado.

Para o cálculo da porcentaxe de troncalidade de cada área de coñecemento, os créditos totais por materia dividiranse entre as áreas de coñecemento adscritas a ela. Se unha área de coñecemento con carga lectiva troncal igual ou superior ó 5% do total non tivese profesorado na Universidade de Vigo, a Xunta de Goberno, por proposta do centro, proverá o/os representante/s da área que lle correspondan doutra Universidade.

Unha vez homologado o primeiro plano de estudos da titulacións, e transcorrido un número de anos igual ó número de anos académicos de que consta a titulación, a Xunta de Titulacións modificará a súa composición de acordo co establecido no punto 2.

3.4.-Naqueles casos nos que un plano de estudos corresponda a un **Centro de nova creación**, as Xuntas de Titulacións, estarán compostas por:

- a) A Decana ou Decano (Directora/or) comisario do centro, que a preside.
- b) Dous profesionais de recoñecido prestixio nomeados pola Xunta de Goberno, por proposta do Rector ou Rectora.
- c) Unha representación do profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos con distribución idéntica á do punto 3.3.:
 1. Os representantes correspondentes ó sector de profesorado, axudantes e bolseiros serán elixidos nos Consellos de Departamento entre os profesores das áreas respectivas e por proposta das mesmas.
 2. Os representantes do alumnado e do persoal de administración e servizos serán elixidos na Xunta de Goberno, (polo representantes na mesma correspondentes ó respectivo sector), entre os alumnos e alumnas e/ou persoal de administración e servizos que formen parte do Claustro da Universidade de Vigo.

Unha vez homologado o primeiro plano de estudos da titulación, e transcorrido un número de anos igual ó número de anos académicos de que consta a titulación, a Xunta de Titulacións modificará a súa composición de acordo co establecido no punto 2.

4.- DAS PROPOSTAS DE PLANOS DE ESTUDIOS

4.1.- Toda proposta de planos de estudo presentada pola correspondente Xunta de Titulación para a súa aprobación pola Xunta de Goberno e o Claustro da Universidade de Vigo, debe conter polo menos os seguintes puntos:

1. **Memoria razoada da titulación**, na que se xustifique a proposta de plano de estudos con base en:
 - Normativa e adecuación ó exercicio profesional.
 - Contexto social (necesidades especiais, perspectivas futuras, saídas profesionais, mercado de traballo, etc.)
 - Principios e/ou criterios que orienten o plano de estudos.

- Perfil xeral da titulación no que se indiquen tanto as funcións básicas que ha desempeña-lo titulado como as competencias máis características de cada función.
 - Obxectivos xerais e específicos da titulación.
2. O **plano de estudos propiamente dito**, no que se especifique a organización das ensinanzas en ciclos, cursos e orientacións, carácter e programación das materias, réximes de incompatibilidades, requisitos de matrícula e posibles validacións. Toda proposta de plano de estudos será remitida no modelo oficial e estruturada do seguinte xeito:
- **Materias Troncais** indicando: ciclo e curso, denominación, disciplina ou disciplinas nas que se diversifica, créditos (diferenciando os indicados pola troncalidade cun **T** e ós adicionais cun **A**, de se-lo caso) teóricos e –de se-lo caso- prácticos/clínicos, descriptor (respectando sempre o descriptor das Directrices Xerais Propias do título do que se trate) e área ou áreas ás que se vincula ordenadas alfabeticamente e respectando as indicadas polas Directrices Xerais Propias.
 - **Materias Obrigatorias** indicando: ciclo, curso, denominación, créditos teóricos e (de se-lo caso) práctico / clínicos, área ou áreas ás que se vincula, ordenadas alfabeticamente.
 - **Materias Optativas** indicando: ciclo, curso, denominación, créditos teóricos e (de se -lo caso) práctico / clínicos, área ou áreas ás que se vincula, ordenadas alfabeticamente.
 - **Porcentaxe de créditos para a libre configuración** do seu curriculum polo alumno ou alumna .
 - Inclusión, de se-lo caso- de **traballos** ou **proxectos fin de carreira**, **prerrequisitos**, **correquisitos**, exame ou **proba xeral** necesaria para a obtención do título.
 - Período de escolaridade mínimo, de se-lo caso.
 - Valoración como **créditos por equivalencia** do curriculum das prácticas en empresas, traballos profesionais academicamente dirixidos e integrados no plano de estudos, así como a acreditación dos estudos realizados no marco de convenios nacionais e internacionais subscritos pola Universidade de Vigo segundo o

indicado no apartado 2.11 desta normativa. Nestes casos, especificarase o número de créditos outorgados, o número de horas atribuídas a cada crédito, o carácter teórico ou práctico e o tipo de materia ou actividade académica.

- **Anos académicos** nos que se estrutura o plano de estudos, **por ciclos**.
- **Determinación e distribución da carga lectiva** global por ano académico.
- **Plano de adaptacións:** Nas propostas de planos de estudio e de forma anexa, debe de presentarse -de cando cumpra- un **plano de adaptacións** dos planos antigos ós novos, incluíndo os mecanismos de validación e/ou adaptación ó novo plano de estudos para os alumnos e alumnas que viñeran cursando o plano de estudos antigo.
- **Réxime de acceso:** Nas propostas de planos de estudio de **titulacións de primeiro e de segundo ciclo** e de **só segundo ciclo**, e de forma anexa, establecerase o réxime de acceso ó segundo ciclo daquelas ensinanzas que non constitúan continuación directa do primeiro ciclo, establecendo a relación de Complementos de Formación que se precisen xunto cos prerequisites necesarios. En todo caso, o acceso ó 2º Ciclo dos alumnos e alumnas das titulacións de 1º e 2º Ciclo non estará condicionado á aprobación de ningún número ou porcentaxe de créditos do 1º Ciclo, por parte dos alumnos e alumnas.
- Disposicións transitorias precisas para regula-las **condicións de extinción**, se é o caso, dos planos de estudio.
- **Plano de ordenación temporal** das ensinanzas por ciclos, cursos, cuatrimestres e -de se-lo caso- orientacións e/ou itinerarios académicos, no que se debe especificar tanto as materias ou disciplinas como o tipo, carga lectiva por tipo de ensinanza proposta e a área de coñecemento á que o Centro ou -no seu caso- a Xunta de Titulacións correspondente lle encarga a docencia.

3. **Previsión de mecanismos de avaliación curricular**, de se-lo caso. A aqueles planos de estudio que non contén con normativa propia seralles de aplicación a normativa xeral da Universidade.

4.2.- Naqueles casos de **propostas de** planos de estudio que correspondan á **modificación dun plano de estudos xa implantado polo sistema de créditos** na Universidade de Vigo só será necesario que conteñan a documentación correspondente ós puntos 2 e 3 dos sinalados no apartado 4.1..

5.- DO PROCEDEMENTO DE HOMOLOGACIÓN

5.1.- Unha vez decidido polo Claustro da Universidade o Centro ó que se adscribirá unha nova titulación, as Xuntas de Titulacións correspondentes iniciarán a elaboración da proposta inicial do plano de estudos da titulación da que se trate. No devandito proceso, as Xuntas de Titulacións poderán auxiliarse de calquera tipo de informes externos e opinións autorizadas (colexios e asociacións profesionais, expertos, planos doutras Universidades, etc.) que considere de interese.

5.2.- Aprobada unha proposta de plano de estudos pola correspondente Xunta de Titulación e informada pola Xunta de Centro será remitida ó Vicerrectorado de Organización Académica (ou aqueloutro que –no seu caso- lle corresponda dita competencia).

Unha vez recibido no Vicerrectorado correspondente, someterase á exposición pública en tódolos centros da Universidade de Vigo, remitíndoselle ademais copia da devandita proposta, tanto ós departamentos do ámbito ou sector científico correspondente como a aqueles departamentos que inclúan áreas de coñecemento vinculadas na troncalidade da titulación.

Durante un prazo, non inferior a 15 nin superior a 20 días naturais, poderán presentarse as alegacións que se consideren oportunas, debidamente xustificadas e razoadas e que serán enviadas ó Vicerrectorado de Organización Académica (ou correspondente).

5.3.- Transcorrido o período de alegacións, nun prazo non superior a sete días naturais, o Vicerrectorado remitirallelas á Xunta de Titulación da que se trate para o seu posterior debate e toma de decisións sobre a súa inclusión ou non na proposta inicial de

plano de estudos. En todo caso, as Xuntas de Titulación emitirán un informe razoado sobre a decisión tomada.

5.4.- Aprobada pola Xunta de Titulacións a nova proposta de plano de estudos, e informada pola Xunta de Centro, será remitida ó Vicerrectorado correspondente xunto coas alegacións consideradas e non consideradas, e un informe razoado, no que se inclúa o informe aludido no artigo anterior.

5.5.- A proposta de plano de estudos da Xunta de Titulacións, xunto cos informes e alegacións presentadas, revisarase e debaterase na Comisión de Ordenación Académica e Validación (COAV) ou aquela outra que a Xunta de Goberno determine a tal efecto, a que poderá propoñer recomendacións xustificadas de carácter técnico.

5.6.- A proposta, xunto con tódolos informes e alegacións presentadas ó longo do proceso, será enviada polo Vicerrectorado correspondente á Xunta de Goberno para o seu debate e aprobación, se procede. Ó proceso de debate da Xunta de Goberno serán invitado o presidente da Xunta de Titulación de que se trate, quen –de non ser membro da Xunta de Goberno- asistirá con voz pero sen dereito a voto.

5.7.- Rexeitada na súa totalidade pola Xunta de Goberno unha proposta de plano de estudos, será devolta á correspondente Xunta de Titulación xunto coas recomendacións suxeridas para a súa modificación e coa indicación dun novo prazo –nunca superior a 15 días naturais- para remiti-la proposta final.

5.8.- Recibida a nova proposta de plano de estudos, e no caso de que a Xunta de Goberno non lle dera a súa aprobación á mesma, esta poderá delegar na C.O.A.V. ou naqueloutra Comisión que a Xunta de Goberno determine, para que nun prazo non superior a 30 días naturais elabore unha proposta alternativa do plano de estudos para a súa posterior aprobación –se procede- pola Xunta de Goberno.

5.9.- A proposta definitiva do plano de estudos someterase á aprobación do Claustro Universitario, (segundo o indicado no apartado n do Artigo 72 dos Estatutos da Universidade), para a súa posterior elevación o Consello Social.

5.10.- Dado que a posta en marcha dun plano de estudos, nun determinado curso académico, require de prazos amplos para a súa efectiva e correcta implantación, toda proposta provisional dun plano de estudos novo ou de modificación dun plano de estudos xa homologado, deberá ser remitido pola Xunta de Centro / Titulacións de que se trate, ó Vicerrectorado correspondente antes do día 1º de febreiro do ano correspondente ó curso que se pretende implanta-lo novo plano de estudos, (sempre que –por razóns excepcionais- a Xunta de Goberno non estableza un calendario específico).

6.- DA VIXENCIA E CONDICIÓNS DE EXTINCIÓN DOS PLANOS DE ESTUDIO

6.1.- Os planos de estudio correspondentes á títulos oficiais, dispensados pola Universidade de Vigo, terán unha vixencia temporal mínima equivalente ó número de anos académicos de que consten. Non obstante, poderase modifica-la oferta académica de materias optativas durante o período de vixencia temporal do correspondente plano de estudos, no que, a Xunta de Goberno, por proposta da Xunta de Centro ou –no seu caso- Xunta de Titulacións correspondente, determinará a nova relación de materias.

6.2.- **Os planos de estudio** correspondentes a títulos oficiais, modificados total ou parcialmente, **extinguíranse temporalmente cursos por curso**. Unha vez **extinguido** cada curso, **efectuaranse seis convocatorias de exame nos tres cursos académicos seguintes**. Esgotadas polos alumnos e alumnas estas convocatorias sen que superasen as probas, os que desexen continuar estudos deberán segui-los polos novos planos mediante adaptación ou, se é o caso, a validación que os novos planos de estudio e/ou a Xunta de Centro correspondente determinen. En todo caso, os alumnos e alumnas que viñesen cursando o plano de estudos antigo poderán optar por completa-lo seu currículo directamente a través do novo plano resultante, mediante os mecanismos de validación e/ou adaptación previstos en dito plano.

7.- DISPOSICIÓN TRANSITORIA

7.1.- Aquelas titulacións que contén actualmente con especialidades pendentes de aprobación polo “Consejo de Universidades” como titulacións de Segundo Ciclo, poderán, provisoriamente, reduci-la carga obrigatoria total, a fin de permitir unha mellor adaptación das devanditas especialidades como orientacións no novo plano de estudos.

En todo caso, sralles de aplicación o resto da normativa, e non poderán (de acollerense a esta disposición transitoria) poñer en marcha máis orientacións, aparte das actuais especialidades, mentres non finalicen as trámites de aprobación das novas titulacións, e se tomen as decisións pertinentes sobre a súa implantación na Universidade de Vigo.

8.- DISPOSICIÓNS FINAIS

8.1.- Quedan derogadas tódalas disposicións dictadas polos órganos da Universidade de Vigo, de rango inferior ou igual, que se opoñan ó disposto nesta Normativa.

8.2.- Esta Normativa entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación pola Xunta de Goberno da Universidade de Vigo.

.....

ANEXO I

DIRECTRICES PARA A IMPLANTACIÓN DOS PLANOS DE ESTUDIO

Á hora de levar a cabo a posta en marcha dos diferentes planos de estudio correspondentes ás titulacións impartidas pola Universidade de Vigo teranse en conta a seguintes directrices.

1.- ORIENTACIÓNS E/OU ITINERARIOS

1. Malia o indicado no punto 1 do apartado 1.3. das Directrices Propias da Universidade de Vigo sobre Estructura e Organización Académica dos Planos de Estudio, **á hora de levar a cabo a implantación efectiva dos diferentes planos de estudio, o número de orientacións e/ou itinerarios que permitirase implantar efectivamente será**, en xeral e dependendo do número de matrícula media² da titulación correspondente segundo se indica no punto 4 deste apartado, **o seguinte**:
 - Para as **titulacións de só Primeiro Ciclo e/ou só Segundo Ciclo, 2 orientacións e/ou itinerarios.**
 - Para as **titulacións de Primeiro e Segundo Ciclo, 3 orientacións e/ou itinerarios.**
2. En todo caso, **poderá solicitarse a implantación dun número de orientacións e/ou itinerarios diferente do arriba indicado sempre que as saídas profesionais e/ou o número de alumnos/as da titulación así o recomende.**

² Os números de matrícula indicados poderán ser substituídos por aqueles que se correspondan cos respectivos números de referencia para a confección dos grupos teóricos de 1º e/ou 2º ciclo, (segundo corresponda), que se acorden nas Normas de Organización Docente da Universidade de Vigo.

3. Parece aconsellable que **o número mínimo de alumnos/as por orientación e/ou itinerario sexa de 20 alumnos/as**. Polo mesmo, cando por un período de tres anos consecutivos, unha orientación e/ou itinerario acade un número inferior o arriba indicado, o mantemento da devandita orientación ou itinerario estará vencellado ó equilibrio de créditos no Plano de Ordenación Docente da titulación correspondente.
4. **Co fin de que as orientacións e/ou itinerarios** reflectidos nos planos de estudio aprobados pola Universidade de Vigo **acaden un número mínimo razoable de alumnos/as, só se permitirá a implantación efectiva de máis de unha orientación naquelas titulacións que conten no seu primeiro curso cunha matrícula media³ igual ou superior a 100 alumnos/as, para as titulacións de só 1º Ciclo ou de 1º e 2º Ciclo, ou a 75 alumnos/as para as de só 2º Ciclo.**
5. O número de orientacións ou itinerarios a implantar efectivamente nas titulacións da Universidade de Vigo será determinado pola Xunta de Goberno por proposta das correspondentes Xuntas de Centro e previo informe da Comisión de Organización Académica e Validacións. Ditas propostas de implantación, ordenadas por orden de preferencia e acompañadas dunha memoria-informe sobre a viabilidade das mesmas, serán remitidas pola centros respectivos ó Vicerrectorado da Organización Académica e Validacións antes de que finalice o primeiro cuadrimestre correspondentes o ano académico inmediatamente anterior ó que pretendan implantarse. A C.O.A.V., tomando en consideración tanto o número de alumnos da titulación, a situación das áreas de coñecemento implicadas como aqueloutras circunstancias que considere oportunas, elevará unha proposta de implantación á Xunta de Goberno para a súa posterior aprobación, se procede.

³ Os números de matrícula indicados poderán ser substituídos por aqueles que se correspondan cos respectivos números de referencia para a confección dos grupos teóricos de 1º e/ou 2º ciclo, (segundo corresponda), que se acorden nas Normas de Organización Docente da Universidade de Vigo.

2.- CRÉDITOS TEÓRICOS E PRÁCTICOS DE CADA MATERIA / DISCIPLINA

1. Se ben, tal e como sinala o R.D. 779/98, tódalas propostas de planos de estudio especificarán, dentro das directrices xerais comúns e propias do título do que se trate e separadamente para tódalas materias ou disciplinas que os integren, os créditos correspondentes ás ensinanzas teóricas e prácticas, **para a posta en funcionamento dos diferentes planos de estudio das titulacións impartidas na Universidade de Vigo, a relación de créditos prácticos impartidos en grupos reducidos seguirá as porcentaxes indicadas no Plano de Finanzamento das Universidades Galegas da Xunta de Galicia**, e que –en xeral- se sitúa:
 - a) Entre o **20%** e o **25%** para as **titulacións dos ámbitos de Humanidades e Xurídico Social**.
 - b) Entre o **30%** e o **40%** para as **titulacións dos ámbitos Tecnolóxico, Científico Experimental e de Ciencias da Saúde**.

3.- MATERIAS OPTATIVAS

1. Son **materias susceptíbeis de ser cursadas como optativas** aquelas materias ou disciplinas de Primeiro e/ou Segundo Ciclo dos planos de estudio que imparta a Universidade de Vigo, sempre que estexan especificadas como tales no plano de estudos da titulación da que se trate.
2. **A Xunta de Goberno, por proposta das diferentes Xuntas de Centro, determinará**, coa antelación suficiente antes do comezo de cada curso académico, **a relación de materias que constitúe a oferta de materias optativas correspondente a cada titulación**, así como o número de grupos e prazas, que se ofertarán e impartirán no seguinte ano académico nos respectivos centros.
3. Para facer efectiva a oferta de materias optativas xerais os centros remitirán ó Vicerrectorado de Organización Académica, segundo o modelo establecido ó

efecto, a relación de materias, por titulación e ciclo, que constitúan a oferta de materias optativas xerais e segundo as proporcións indicadas no punto 5 deste mesmo apartado. Recibida no Vicerrectorado de Organización Académica a proposta de oferta de materias optativas xerais, elevará á Xunta de Goberno proposta da oferta académica para a súa aprobación pola mesma, previo informe da Comisión de Organización Académica e Validacións.

4. Aprobada pola Xunta de Goberno a oferta académica de materias optativas, elaborárase un catálogo con tódalas materias ofertadas por titulación e ciclo, indicando o número de créditos totais, de créditos teóricos e prácticos, área encargada da docencia, número de grupos e prazas, cuadrimestre no que se imparte e horario. O devandito catálogo será distribuído ós centros da Universidade para a súa publicación e difusión antes do 30 de xuño.
5. En relación co indicado no punto 3 do apartado 2.6. das Directrices Propias da Universidade de Vigo sobre Estructura e Organización Académica dos Planos de Estudio, **as Xuntas de Centro proporán como mínimo unha oferta específica de créditos optativos xerais nunha proporción de 2:1** respecto dos créditos optativos xerais que deben cursar os alumnos e alumnas da titulación da que se trate. **A oferta máxima permitida de créditos optativos** proposta polas respectivas Xuntas de Centro para a posterior aprobación –se procede- pola Xunta de Goberno **non poderá superar a seguinte relación:**
 - Para a oferta de **materias optativas xerais dos Primeiros Ciclos dita relación será igual a $N / 100$** . Para a oferta de **materias optativas xerais dos Segundos Ciclos igual a $N / 50$** ; sendo **N = ó número de alumnos/as de límite de prazas da titulación. Se o resultado fose superior a 5, o máximo será 5.**
6. **O número de alumnos/as por grupo para as materias optativas xerais será o establecido polas normas de organización docente** que para cada curso aprobe a Xunta de Goberno.
7. As materias optativas de tipo xeral que, ó longo de dous anos consecutivos, manteñan un número de alumnos/as inferior a: 25 para as de 1º Ciclo e 10

para as de 2º Ciclo, non poderán impartirse nen ofertárense de novo como tales materias optativas xerais por un período cursos académicos igual ó número de anos de duración da titulación correspondente.

8. Unha vez extinguida unha materia optativa xeral, efectuaranse catro convocatorias de exame nos dous cursos académicos seguintes. Esgotadas polo alumno ou alumna esta convocatorias sen que tivesen superado as probas, poderanse matricular de novo de materias optativas nun número non superior ó 150% do das materias extinguidas.
9. A opción do alumno ou alumna por calquera das materias optativas susceptibles de seren cursadas como optativas xerais **poderá exercerse unha única vez** e só durante o período de escolaridade conducente á súa titulación, podéndose matricular dun número de créditos non superior ó 150% do total de materias a cursaren. Nos casos de extinción dalgunha materia optativa xeral poderase exercer de novo a opción, de acordo co articulado no punto anterior.
10. Na oferta de materias optativas xerais **procurarase facer unha programación das mesmas de xeito que se favoreza a máxima opcionalidade por parte dos/as estudantes.**

.....

Dilixencia: Para facer constar que a presente Normativa sobre Estructura e Organización Académica de Planos de Estudio” foi aprobada en sesión ordinaria da Xunta de Goberno desta Universidade na data 13 de setembro de 1999.

A SECRETARIA XERAL

Margarita Estévez Toranzo

ANEXO II

CALENDARIO PARA REFORMA DOS PLANOS DE ESTUDIO

Co fin de que os planos de estudio adaptados poidan ser implantados no Curso 2000-2001, as propostas de adaptación deberán ter en conta o seguinte calendario:

- a) Desde a aprobación das directrices para a reforma dos Planos de Estudio ata o **30 de novembro de 1999** procederase á elaboración da proposta de reforma-adaptación do Plano de Estudos polas correspondentes Xuntas de Titulacións e posterior aprobación –se procede- pola Xunta de Centro.
- b) En **decembro** de 1999: informe público e presentación de alegacións e suxestións polos centros, departamentos, colexios profesionais, etc., e revisión das mesma polas Xuntas de Titulación e Centro.
- c) Nos meses de **xaneiro-febreiro** do 2000: revisión das diferentes propostas de reforma-adaptación pola C.O.A.V.
- d) Nos **meses de marzo e abril do 2000**: aprobación –se procede- da proposta de reforma-adaptación pola Xunta de Goberno.
- e) No **mes de maio do ano 2000**: ratificación polo Claustro –se procede- da proposta de plano de estudos aprobada pola Xunta de Goberno para a súa remisión ó Consello de Universidades.

.....